

BANDO DA ALCALDÍA

**MEDIDAS ADOPTADAS POLO CONCELLO DE SANTIAGO
PARA A PREVENCIÓN DO CORONAVIRUS**

O alcalde de Santiago comunica á veciñanza que, ante a emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 e tomando en consideración os acordos do Consello de Ministros e do Consello da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, no eido das súas competencias, adoptou as seguintes medidas:

- A suspensión con efectos inmediatos das actividades culturais (concertos, obras de teatro etc.) previstas en locais municipais ou promovidas polo Concello ou polo organismo autónomo Auditorio de Galicia.
- A suspensión con efectos inmediatos das actividades deportivas que se realicen nas instalacións de titularidade municipal ou promovidas polo Concello.
- A suspensión con efectos inmediatos de todas as actividades organizadas pola área de Igualdade.
- A suspensión das actividades organizadas polo Concello nos centros socioculturais, na Escola Municipal de Música e nos restantes equipamentos municipais.
- O peche, a partir do luns 16 de marzo de 2020, das escolas infantís xestionadas polo Concello (Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños).
- O peche dos parques infantís.
- A suspensión dos cursos de formación e obradoiros de emprego organizados polo departamento de Promoción Económica e Emprego.
- Limitáse a un máximo de 30 persoas a asistencia ás cerimoniais matrimoniais que vaian celebrarse no Pazo de Raxoi, incluíndo contraentes, testemuñas, persoas convidadas e persoal municipal imprescindible para o desenvolvemento do acto.
- Desaconséllase o uso do transporte público urbano aos seguintes grupos de poboación:
 - 1) persoas especialmente vulnerables ás infeccións respiratorias ou que teñan persoas destas características no seu contorno próximo;
 - 2) persoas que presenten síntomas respiratorios ou que crean que teñen probabilidade de infección;
 - 3) mulleres embarazadas.
- En relación coa prestación dos servizos públicos funerarios, limitáse a asistencia ás instalacións a 50 persoas como máximo, incluído o persoal que preste servizos.

- Suspéndense con efectos inmediatos o mercado semanal que se desenvolve nas instalacións de Salgueiriños e o Mercado Nacional de Gando de Amio.
- Non se suspende a actividade municipal nin as citas previstas nos servizos do Concello, pero adoptaranse as medidas pertinentes para evitar a concentración de persoas. Prégase á cidadanía que realice as súas consultas de forma telemática e telefónica e que acuda presencialmente só en casos imprescindibles.
- Déronse instrucións a todos os departamentos e ás empresas concesionarias de servizos públicos para que extremen as medidas de hixienización e cumbran puntualmente as recomendacións que diten as autoridades sanitarias.
- A Concellaría de Servizos Sociais está a traballar nun protocolo para garantir a atención domiciliaria á poboación de risco (persoas maiores e nenos e nenas en risco de exclusión). Para calquera consulta ou dúbida, poden empregar os teléfonos do departamento.

Todas estas medidas prolongaranse ata o 27 de marzo de 2020, sen prexuízo do seu efecto inmediato e da posibilidade de prórroga.

O alcalde prega á cidadanía que desculpe as molestias que todas estas medidas poidan ocasionar e fai un chamamento á responsabilidade e á colaboración de todas e de todos para que os efectos desta crise sexan os menos posibles. Prega, así mesmo, se atendan as recomendacións das autoridades sanitarias en todo momento.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2020